

BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA PRAZA DE CONDUTOR PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO

1ª OBXECTO

A finalidade destas bases é establecer o procedemento que regulará a provisión dunha praza de condutor a través dun proceso selectivo polo sistema de oposición.

Dito posto de traballo están consignado no Orzamento Xeral do Concello para 2017, aprobado por acordo do Pleno de data 28.11.2017 e prorrogado a esta data para o exercicio económico do ano 2020.

2ª MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E RÉXIME XURÍDICO

O contrato formalizarase na modalidade de duración determinada por obra ou servizo determinado a tempo completo. A duración máxima do contrato, con independencia das outras causas resolutorias previstas legalmente, virá determinada polo suposto que antes se produza dos seguintes: polo esgotamento da duración máxima prevista legalmente para esta modalidade de contratación ou pola cobertura regulamentaria da praza.

As funcións propias dos posto de traballo serán as de condutor do camión para o servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, en concreto os correspondentes coa bolsa negra que representa a fracción resto introducida nos contedores verdes. Este posto de traballo, coa actual configuración do servizo, ten que realizar as seguintes sub-tarefas:

- Condución do camión destinado a recollida de lixo ata cada un dos contedores situados nos núcleos e lugares do Concello, e o traslado dos residuos ata os lugares designados.
- Manipulación e aproximación dos contedores ao mecanismo de baleirado do vehículo, e posterior colocación no seu lugar.
- Mantemento sinxelo dos vehículos asignados, incluído a limpeza interior/exterior
- Calquera outra tarefa complementaria á condución e precisa para a execución do servizo, sen prexuízo das propias do posto de traballo.

As retribucións brutas están fixadas en 17.838,24 euros/anuais.

A relación contractual rexerase pola lexislación laboral, sendo de aplicación principalmente o R.D.L. 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o TR da *Lei do estatuto dos traballadores* e a Lei 7/2007 de 12 de abril, e o RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da *Lei do estatuto básico do emprego público*, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas e demais normativa estatal e autonómica.

A xornada de traballo será a que se estableza anualmente para o servizo no que se integra, atendendo en todo caso a súa natureza e necesidades específicas.

3ª REQUISITOS DOS ASPIRANTES

- a) Tera nacionalidade española, sen prexuízo de nacionais doutros Estados observando o disposto no artigo 57 do *Estatuto básico do emprego público*.
- b) Ter capacidade funcional para a realización do traballo. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase cunha certificación expedida polo organismo competente, sinalándoo na instancia e facendo constar se precisan adaptacións para facelas probas e especificando tales adaptacións.
- c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non estar separado do servizo de ningunha Administración Pública mediante expediente disciplinario, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou situación equivalente nin sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión do carné de conducir tipo C e do certificado de aptitude profesional (CAP) en vigor.

Os aspirante deberán cumprir tódolos requisitos esixidos nestas bases na data de remate de presentación de instancias e mantelos ata a data de formalización dos contratos.

4ª PRESENTACIÓN E ADMISIÓN DE CANDIDATOS

As persoas interesadas disporán de 5 días hábiles, dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria nos diarios de maior tirada comarcal (complementariamente no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello), para presentar a instancia no rexistro xeral do Concello, ou en calquera das formas previstas no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do *Procedemento administrativo común das AAPP*, acompañada da seguinte documentación:

- Copia do DNI
- Copia do carné de conducir e do CAP
- Declaración xurada dos requisitos contemplados na base 3ªb) e d), ou no seu caso, a contida no modelo de instancia do anexo I.



Os documentos presentados serán dixitalizados e os orixinais devolveránselle ao interesado no momento da presentación a aquelas persoas que decidan presentar a instancia de xeito presencial.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o alcalde aprobará mediante resolución a lista provisional de admitidos e excluídos. Dita resolución será definitiva de non haber excluídos e será exposta no taboleiro de anuncios do Concello e notificada aos interesados na súa dirección de e-correo.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dous días hábiles para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicará da mesma forma. Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interpoñerse un recurso de reposición no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

5ª TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal será un órgano colexiado composto polos membros designados pola Xunta de Goberno Local a proposta do alcalde. Esta deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e ter presente o criterio de paridade entre homes e mulleres. A pertenza a estes órganos é a título individual, non podendo ostentarse esa representación por conta de ninguén.

O tribunal estará formado polo presidente, o secretario e máis dous vogais. Os vogais deberán ter, como mínimo, o mesmo nivel de formación ca esixida para os postos que se convocan, ademais de posuír coñecementos específicos ou experiencia profesional nas materias que son obxecto dos postos de traballo que se convocan. O secretario terá voz, pero non voto nas decisións que se acorden.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros ou dos seus respectivos suplentes, indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases. Os seus membros deberán absterse de intervir cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art.23 da Lei 40/2015 de *Réxime xurídico das administracións públicas*, comunicándollo a quen os tivese designado. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das causas a que se fai referencia no parágrafo anterior, conforme ao procedemento establecido no artigo 24 da citada Lei.

6ª DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

O sistema de selección será o de oposición. Establécese unha puntuación máxima de 10 puntos e 0 puntos de mínima. Constará de dúas probas obrigatorias e non eliminatorias

EXAME TEÓRICO

Puntuación máxima: 5 puntos

Consistirá na realización dunha proba escrita que constará de 25 preguntas tipo test, con unha única resposta afirmativa de entre catro posibles. Cada pregunta que se responda correctamente sumará 0,20 puntos.

As preguntas tratarán sobre o temario que integra a totalidade dos contidos relacionados no anexo II destas bases. Para a súa realización os candidatos disporán dun tempo máximo de 60 minutos. Os aspirantes deberán presentarse para a realización da mesma provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade, que será valorado polo tribunal. Realízase chamamento único, polo que os que non se presenten quedarán decaídos no seu dereito, salvo o casos debidamente xustificadas que resolverá o tribunal.

PROBA PRÁCTICA

Puntuación máxima: 5 puntos

A proba consistirá na realización dun exercicio práctico destinado a avaliar o dominio do desempeño práctico das tarefas propias e imprescindibles do posto de traballo. Neste exercicio valoraranse os coñecementos, a destreza, a corrección técnica e a actitude demostrada na execución dos traballos.

Para a súa realización os aspirantes disporán dos elementos que sexan necesarios para levala a cabo, podendo contactar antes da súa realización cos membros do tribunal para coñecer as características do vehículo no que se realizará a proba. O tempo máximo será determinado polo Tribunal atendendo ao seu contido, pero en ningún caso deberá exceder de 20 minutos.

A puntuación total virá determinada pola suma das puntuacións acadadas nas dúas probas (máximo 10, mínimo 0). En caso de empate entre un ou máis candidatos terá preferencia aquel que houbese obtido unha mellor puntuación na proba práctica. De persistir o empate, resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos interesados.

7ª PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Concluída as probas selectivas, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios a relación dos aspirantes por orde de puntuación total final acadada, e elevará á XGL a correspondente proposta de contratación a favor do aspirante que obtivera a puntuación máis alta para a praza ofertada.



No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o aspirante proposto non chegue a formalizar o contrato de traballo, o órgano convocante poderá substituílo polo seguinte na orde de puntuación total final acadada.

8ª FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS

No prazo de dous días seguintes á data da publicación do resultado do proceso de selección e da proposta da contratación, o aspirante proposto deberá presentar no rexistro xeral do Concello a seguinte documentación:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza xudicial.
- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin eiva física ou mental que lle incapacite para o normal exercicio das funcións propias do posto de traballo.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria.

9ª EXPOSICIÓN DAS BASES

As presentes bases, unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno Local, expóranse ao público durante o prazo de presentación de instancias no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal, www.rodeiro.org.

De presentarse reclamacións ás bases, que non suspenderán o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso selectivo, a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada algunha das suxestións formuladas, abrírase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases non caberá recurso algún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poña fin ao procedemento.

ANEXO I

CONCELLO DE RODEIRO					
SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NUN PROCEDEMENTO SELETIVO					
DATOS DO INTERESADO					
DNI/CIF		Nome e apelidos/Razón social			
Enderezo para os efectos de notificación			Núm.	Escoiteira	Andar
CP		Municipio		Provincia	
Data de nacemento			Teléfono		
Correo electrónico			Posto de Traballo ao que opta CONDUTOR		
Solicito a adhesión ao sistema de notificacións electrónicas <input type="checkbox"/>					

O abaixo asinante, tendo coñecemento do procedemento selectivo para a contratación dun condutor do servizo de recollida de residuos, **DECLARA**:

1 Coñecer explicitamente as Bases da convocatoria

2 Cumprir cos requisitos da Base 3ª b) e d): *Ter capacidade funcional para a realización do traballo e Non estar separado do servizo de ningunha Administración Pública mediante expediente disciplinario, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.*

e **PRESENTA** a seguinte documentación orixinal ou copia cotexada:

DNI
Cartá de conducir
CAP

Rodeiro a, _____ de _____ de 2020

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE RODEIRO

ADVERTISELLE QUE de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Rodeiro. En calquera momento poderá exercer os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.



ANEXO II

TEMARIO

- 1.- A Constitución española de 1978. Estrutura. Principios. Dereitos fundamentais e liberdades públicas.
- 2.- Organización territorial do Estado. O estatuto de autonomía de Galicia.
- 3.- O réxime local español: principios constitucionais. As entidades locais. O municipio e a provincia.
- 4.- A organización municipal. O concello. Órganos básicos: o alcalde e tenentes de alcalde, o Pleno e a Xunta de Goberno Local.
- 5.- O persoal ao servizo da administración local: funcionarios e persoal laboral. Dereitos e deberes dos empregados públicos. Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- 6.- Lei 22/2011, de 28 de xullo, de *Residuos e solos contaminados*: definicións, xerarquía de residuos e competencias das entidades locais.
- 7.- Normas e procedementos de seguridade laboral no emprego de vehículos de obras públicas (art. 2 e anexo do RD 487/21997, de 14 de abril e art. 2 e anexo do RD 773/1997 de 30 de maio)
- 8.- Seguridade na condución. Condución en núcleos urbanos. Condución en condicións meteorolóxicas adversas.
- 9.- O motor diésel: sistema de alimentación e refrixeración. Sistema de suspensión, dirección, transmisión e freado.
- 10.- Elementos mecánicos e hidráulicos específicos dunha caixa compactadora de residuos sólidos urbanos.
- 11.- Requisitos de mantemento e limpeza dos vehículos de recollida de residuos.
- 12.- O territorio do concello de Rodeiro. Parroquias e lugares. Vías públicas principais e distribución dos contedores de recollida da fracción resto. (a disposición na web <https://ide.depo.gal/-visor>)

DILIXENCIA.- Esténdoa eu, o secretario do Concello, para facer constar que as presentes Bases foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 19 de febreiro de 2020. Dou fe.

O secretario do Concello
(*sinatura dixital*)

José M^a Novo Ramos

